

Retribucións→ O incremento do 2% correspondente a este ano, segue parado na comisión de economía do Congreso á espera de que se dea o visto e prace á norma legal en que está prevista a súa publicación.

O acordo de complemento desta subcomisión está trasladado a Función Pública que ten que emitir un informe e unilo ao expediente para o seu posterior traslado á Comisión paritaria.

O incremento dos complementos, correspondente aos fondos adicionais do ano 2023, segue pendente de que Función Pública saque as correspondentes táboas.

Produtividade→

SEPE; Xa recibiron a autorización do importe correspondente á produtividade non consolidada, por un importe de 2.595.921,62€.

OEITSS; preguntamos pola produtividade adicional extraordinaria, que se cobrou estes dous últimos anos, pero non teñen ningunha noticia.

Cambio de réxime xurídico→

Grupo 4G; previsto o exame en Madrid o 1 de xuño.

Grupo 3G; publicada a convocatoria das especialidades de administración, condución e tradución no BOE do dez de maio.

Grupos 1G e 2G; seguen sen ter ningunha noticia que dar.

O que pode garantir a administración é que se ofrecerá formación do mesmo xeito que xa se fixo co grupo 4G.

Xubilación parcial,→ A administración recoñece que non fai falta que o persoal faga entrega do informe da seguridade social, como nalgúns sitios solicitan, tomarán medidas para que esta situación déixese de dar.